



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Métodos de avaliación de programas	Código	652G03023	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Ríos de Deus, María Paula	Correo electrónico	paula.rios.dedeus@udc.es	
Profesorado	Ríos de Deus, María Paula	Correo electrónico	paula.rios.dedeus@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/dptos/fmide/index.php			
Descrición xeral	A materia implica o estudo de métodos e técnicas de avaliación, apoiadas nos coñecementos previos de investigación dende distintos enfoques. Concretamente, abórdanse contidos e competencias en materia de avaliación de programas, en sentido amplo, e analízanse pola súa repercusión as circunstancias e políticas que concurren nesta materia en cada momento e con unha mención especial nos aspectos éticos na investigación avaliativa e á formación metodolóxica indispensable para o traballo en equipo con outros profesionais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Elaborar unha proposta de definición para o concepto ?avaliación?, integrando os elementos derivados da análise de termos previo.	A6		
Valorar a utilidade e relevancia da bibliografía utilizada na redacción dun texto científico en investigación avaliativa. Redactar un texto científico que incorpore citas e referencias seguindo a normativa APA 6ª edición, utilizando, un xestor de referencias.		B1 B2	C8
Extraer información a partir de distintos casos de avaliación de programas, en sentido amplo.	A14 A19 A21	B6	C6
Redactar un informe técnico de avaliación.		B2	
Consensuar e construír distintos procedementos, técnicas e instrumentos de avaliación.	A6 A21	B1	
Extraer conclusións a partir da análise de información.	A14	B1 B6	C6 C8
Responder a preguntas formuladas en relación coa avaliación de centros, profesores, programas, estudantes.	A6 A21	B1 B2	
Deseñar un Plan de Avaliación, a partir dun programa previamente especificado.	A6 A14 A19 A21	B1 B2 B6	C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas



Tema 1. Educación social, programas e servizos socioeducativos. Investigación e avaliación de calidade	1.1. Terminoloxía específica en avaliación de programas. 1.2. Modalidades de avaliación de programas. 1.3. Fases do proceso de avaliación de programas. 1.4. Cualidades éticas da avaliación de programas
Tema 2. Modelos ou perspectivas de avaliación e calidade de programas e servizos socioeducativos	2.1. Finalidade da avaliación. 2.2. Uso de indicadores e criterios de avaliación. 2.3. Técnicas e instrumentos de recollida de información. 2.4. Técnicas de análise de datos aplicados á avaliación de programas. 2.5 Informe de avaliación.
Tema 3. O proceso de avaliación da calidade dos programas e servizos socioeducativos	3.1. Plan de avaliación en educación social.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A6 A14 A19 A21 B1 B2 B6 C6 C8	27	40	67
Aprendizaxe servizo	A6 A14 A19 A21 B1 B2 B6 C6 C8	4	30	34
Sesión maxistral	A6 A14 A19 A21 B1 B2 C8	8	0	8
Portafolios do alumno	A6 A14 A19 A21 B1 B2 B6 C6 C8	0	20	20
Proba mixta	A6 A14 A19 A21 B1 B6 C1 C6	3	10	13
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resúmenes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.



Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
-------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe servizo Aprendizaxe colaborativa Sesión maxistral Proba mixta Portafolios do alumno	Atención a cada grupo ou persoa, según as necesidades que presenten ou demanden.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A6 A14 A19 A21 B1 B6 C1 C6	Proba escrita na que entrará toda a materia (clases expositivas + clases interactivas). O sistema de corrección da dita proba será o seguinte: - Preguntas de verdadeiro/falso: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta. - Preguntas de varias alternativas aplicarase a fórmula de corrección ao azar: acertos - erros/nº alternativas - 1. - Preguntas curtas: valorarase a claridade e a capacidade de síntese e adecuación da resposta á pregunta formulada.	20



Portafolios do alumno	A6 A14 A19 A21 B1 B2 B6 C6 C8	<p>As actividades incluídas na metodoloxía docente (aprendizaxe colaborativa, experiencia de APS) realizaranse nas clases interactivas. O alumnado deberá recoller o resultado de cada actividade nun documento, que será entregado ao finalizar as clases. Poderá formarse grupos para traballar de forma conxunta.</p> <p>Dito documento deberá reunir as seguintes características:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Portada (institucional) - Índice paxinado - Estrutura do portafolio por actividades tendo en conta os seguintes aspectos: instrución da práctica, desenvolvemento da práctica e resultados acadados, conclusión. - Reflexión final sobre os contidos, atendendo a: valoración persoal das prácticas con respecto á práctica profesional, apreciacións persoais sobre as titorías realizadas (dentro e/ou fóra do horario), valoración da temporalización do desenvolvemento das prácticas, outros aspectos a considerar. <p>A docente realizará un seguimento das prácticas que se vaian elaborando por cada grupo e indicará propostas de mellora de cada práctica a cada grupo co fin de que na proba mixta da materia o alumnado sepa realizar as prácticas sen problema. Son, por tanto, materia de exame.</p>	80
-----------------------	----------------------------------	--	----

Observacións avaliación

Para superar a materia é preciso ter aprobado todos os traballos realizados na clase, así como todas as actividades de avaliación. Os e as estudantes non asistentes, porsen en contacto coa docente para establecer a metodoloxía de avaliación da materia. Terase en conta a presentación dos traballos, o formato, a redacción, as faltas gramaticales e as ortográficas. A detección dalgún deles suporá un punto menos na nota final. A copia e plaxio de traballos será causa de suspenso.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - REBOLLOSO, E.; FERNÁNDEZ-RAMIREZ, B. y CANTÓN, P. (2008). Evaluación de programas de intervención social.. Madrid: Edt. Síntesis - Lukas, J. F. y Santiago, K. (2009). Historia de la evaluación educativa. J. F. Lukas y K, Santiago (Eds). Evaluación educativa (2ª Ed) (pp. 63-86). Madrid: Alianza - Lukas, J. F. y Santiago, K. (2009). Concepto, componentes y fases de la evaluación. En J. F. Lukas y K, Santiago (Eds). Evaluación educativa (2ª Ed) (pp. 87-126). Madrid: Alianza - Nieto, S. (2010). Principios, métodos y técnicas para la investigación educativa Madrid: Dykinson. Madrid: Dykinson - Nieto, S., y Olmos, S (2010). Técnicas e instrumentos para la recogida de datos en la medida de actitudes y de información grupal. En S. Nieto y M. J. Rodríguez (Coord.). Investigación y Evaluación educativa en la Sociedad del Cono - Ibarra Sáiz, M. S. y Rodríguez-Gómez, G. (2014). Modalidades participativas de evaluación. Un análisis de la percepción del profesorado y de los estudiantes universitarios. Revista de Investigación Educativa, 32 (2), 339-361
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - SENLLE, A. e GUTIERREZ, N. (2004). Calidad en los Servicios Educativos. Barcelona: Edit. Díaz de Santos - STUFFLEBEAN, D. y SHINKFIELD, A.J. (1984). Evaluación Sistemática. Madrid: Paidós-MEC, 1987. - GENTO PALACIOS, S. (1996). Instituciones educativas para la calidad total. Madrid: Edt. La Muralla

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Métodos de investigación/652G03019
Técnicas de recollida e análise da información/652G03026
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías